



中国工商银行

自动柜员机 ATM



中国工商银行

存取款一体机 DWM



Caixeiros automáticos nunha cidade chinesa. // Arquivo

Ascenso do xigante

Ensaio Xulio Ríos e Giovanni Arrighi analizan o despegue económico chinés e as súas consecuencias

O vertixinoso ascenso chinés na economía mundial deu lugar a numerosas análises que Xulio Ríos, con *Mercado y control político en China*, e Giovanni Arrighi, con *Adam Smith en Pekín*, contribúen a complementar. A obra de Arrighi é, en xeral, máis complexa que a de Ríos. Ambos ensaios difiren polo alcance dos seus obxectivos, sendo Arrighi máis ambicioso neste ámbito. Ríos desentraña as claves e consecuencias da transición, desde finais dos anos 70, da economía chinesa cara a un modelo mixto, de mercado-planificación, e sinala como o Partido Comunista logrou conducir o proceso de reforma económica retendo o control da política –sen introducir cambios substanciais–, a cultura e a sociedade. Arrighi, pola súa banda, enmarca o despegue experimentado pola economía de China nas últimas décadas nunha dinámica histórica máis ampla: a do desenvolvemento pola vía oriental. Contrapón a vía de desenvolvemento oriental, intensiva no uso de recursos humanos, á occidental, intensiva no consumo de enerxía e extravertida. As dúas vías estarían baseadas na economía de mercado, pero só na segunda se tería desenvolvido o capitalismo, a través dunha particular combinación co industrialismo e o militarismo que desencadearía unha sucesión de centros capitalistas declinantes e emerxentes cada vez máis poderosos.

A actual potencia declinante, Estados Unidos, fracasou, segundo Arrighi, no seu proxecto de crear un

Estado mundial desde o que continuar a lóxica da expansión acumulativa do capital e superar a crise da súa hexemonía no sistema internacional, aberta nos anos 70. A errada resposta do goberno de Bush aos atentados do 11 de setembro tería precipitado o esgotamento desta hexemonía, cuestionada tamén pola recuperación da economía chinesa. Arrighi e Ríos conflúen, en boa medida, nas súas conclusións. Ambos apuntan a posibilidade de que o ascenso chinés contribúa a reorientar o sistema internacional cara a un maior multilateralismo. E cren que o resultado da evolución chinesa vai depender da capacidade e vontade do Partido Comunista para superar os problemas causados polos enormes custos sociais e ambientais do proceso de reforma económica.

Ríos actualiza no seu libro, ampliando nalgúns aspectos e condensando noutros, explicacións que ofrecera xa noutros ensaios. Fronte aos estudos doutros autores sobre o mesmo tema, *Mercado y control político en China* presenta vantaxes como a súa concisión, a súa claridade e a derivada do feito de que este investigador contrasta a información extraída das fontes que manexa –heteroxéneas e variadas–, coa observación directa da realidade. Aínda que a lectura deste libro pode convidar, por veces, a procurar perspectivas diferentes nas obras de analistas orientais, Arrighi tampouco se afasta moito do que, antes ca el, xa adiantaron outros autores, como por exemplo Wallerstein. Os estudos sobre a relativa decadencia da

hexemonía de Estados Unidos son unha constante na produción ensaística das últimas décadas, como demostran os casos de Brzezinski, Nye, Todd... A orixinalidade de Arrighi sitúase máis, se cadra, na capacidade que demostra para encaixar toda a súa argumentación nun marco teórico propio, dotándoa así dunha gran sistematicidade. Porén, quizais lle falta mellorar a súa análise das deficiencias das economías orientais, pois establece un contraste demasiado simplificador entre a vía de desenvolvemento oriental e occidental, e esculcar o papel que poderían desempeñar na construción dunha orde global máis equilibrada tanto outros países e rexións do mundo –Europa, Rusia...–, coma os cambios na natureza do poder internacional acontecidos coa globalización. Por último, poida que peque un pouco de inxenuidade nos seus agoiros sobre un novo Bandung e a crise final estadounidense.

// Montse Dopico

Adam Smith en Pekín: orígenes y fundamentos del siglo XXI · Giovanni Arrighi · Akal, 2007 · 432 páx · 40 euros



Mercado y control político en China · Xulio Ríos · Libros de la Catarata, 2007 · 232 páx · 17 euros

